



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA Nº 9/2019 SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 29 DE XULLO DE 2019

ORDE DO DÍA

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1 ACTA ANTERIOR

I.2 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 15/2019 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 313.448,21 EUROS.

I.3 REASIGNACIÓN DE FONDOS 1/2019 DO APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO DO SAU- 9 (PORTO DO MOLLE) E DE INGRESOS DE EXPROPIACIÓNS DE BENS MUNICIPAIS.

I.4 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NUM. 1/2019.

I.5 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 16/2019 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 9.321,91 EUROS.

I.6 MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA O EXERCICIO 2019 .

I.7 MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA O EXERCICIO 2019.

I.8 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (I.V.T.M.).

I.9.- ESTABLECEMENTO E FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS.

I.10 PROPOSTA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA. ESPECIAL REFERENCIA ÁS RESOLUCIÓNS NUMS. 2019000867, 2019001300 e Resolución de 02/05/2019 (expte. 2018004229SV). EXPEDIENTE: 28/2018 AEDL

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

Raquel Giráldez Armas

Diego García Moreira

Ruben Rial Sánchez

Nuria Lorenzo López

Jose Luis Sanromán Román

Alfonso Vázquez Pérez

Marina Vidal Lorenzo

Patricia Diego Travieso

Cristina Dosil Valverde

María Esperanza Mayán Areal

- PP

Carlos Javier Abal Valverde

María José Pino Fernandez

Álvaro Pereira Sanromán

Javier Albores Míguez

--





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Interventor: Modesto Solla Sanz
Secretario: Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* 29 de xullo de 2019
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 12:04
- *Hora de remate:* 12:55
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15
- *Membros non asistentes:* Bibiana Peixoto Iglesias e Ladislao Alonso Valverde.

Incidencias:

- Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 4 de xullo de 2019.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Acordo.- Co voto favorable dos quince membros da Corporación presentes apróbase a acta da sesión extraordinaria de 4 de xullo de 2019.

I.2 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 15/2019 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 313.448,21 EUROS.

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2019 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado á contabilización de gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.

Considerando minorable o crédito dispoñible en tres aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019 .





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019 .

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 15/2019 mediante créditos extraordinarios por importe de 313.448,21 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2019; o importe citado destinarase ás seguintes finalidades:

Aplicación orzamentaria	Destino	Importe (€)
19.130.21301	Conservación maquinaria, instalac. e utillaxe Seguridade (R. C. 1/2019)	44,43
19.130.21401	Conservación material de transporte Seguridade (R. C. 1/2019)	3.835,52
19.130.2210401	Vestuario Seguridade (R. C. 1/2019)	1.500,40
19.130.2269902	Gastos diversos Seguridade (R. C. 1/2019)	18,15
19.151.21401	Conservación material de transporte Urbanismo (R. C. 1/2019)	72,60
19.160.21301	Conservación e mantemento de emisario submarino (R. C. 1/2019)	2.971,89
19.163.2270001	Servizos especiais de limpeza viaria (R. C. 1/2019)	2.869,09
19.165.21302	Conservación de instalacións de alumeadado público (R. C. 1/2019)	7.029,08
19.170.2269903	Gastos diversos medio ambiente (R. C. 1/2019)	3.195,46
19.170.2270001	Trab. Realizados p/ outras empresas: Servizo de limpeza sanitarios praias (R. C. 1/2019)	4.537,50
19.170.2279902	Servizo de balizamento en praias (R. C. 1/2019)	2.639,01
19.231.21301	Conservación instalacións e utillaxe gardería municipal (R. C. 1/2019)	97,10
19.231.2269909	Gastos diversos 3ª Idade (R. C. 1/2019) ..	998,50
19.231.2269910	Gastos diversos gardería municipal (R. C. 1/2019)	586,85
19.231.2279904	Programa estimulación cognitiva e funcional de persoas con demencia degenerativa (R. C. 1/2019)	1.237,50
19.231.48003	Subvencións emerxencia social (Servizos Sociais) (R. C. 1/2019)	2.000,00
19.311.2270601	Señalización fontes e estudo potabilidade de augas de fontes e de instalacións municipais (R. C. 1/2019)	80,59
19.323.21301	Conservación instalacións, maquinaria e utillaxe Educación (R. C. 1/2019)	4.618,31
19.323.2269901	Gastos diversos funcionamento Educación (R. C. 1/2019)	3.052,29
19.334.2219901	Material diverso escolas municipais de Cultura (R. C. 1/2019)	14,60
19.334.2260902	Actividades culturais diversas (R. C. 1/2019)	1.777,75
19.334.2269903	Gastos diversos promoción xuvenil (R. C. 1/2019)	918,72
19.338.2269907	Actividades diversas festexos populares (R. C. 1/2019)	20.688,94
19.341.22401	Primas de seguros Deportes (R. C. 1/2019)	649,03
19.341.2260902	Actividades deportivas diversas (R. C. 1/2019) ...	12.579,38
19.342.21301	Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe Deportes (R. C. 1/2019)	1.687,54
19.342.62302	Obra de mellora e reforma interior do pabellón multiusos municipal (R. C. 1/2019)	90.841,89
19.432.2269902	Actividades diversas Turismo (R. C. 1/2019)	21.283,77
19.450.21001	Conservación infraestructuras e bens naturais Infraestructuras (R.	





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

C. 1/2019) .	28.974,74
19.450.21301 Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe Infraestructuras (R. C. 1/2019)	24.169,47
19.450.21401 Conservación material de transporte Infraestructuras (R. C. 1/2019)	6.297,97
19.450.2269901 Gastos diversos funcionamento Infraestructuras (R. C. 1/2019)	1.941,05
19.450.2270601 Estudos e traballos técnicos Infraestructuras (R. C. 1/2019)	786,50
19.450.62702 Estudos técnicos e redacción de proxectos Infraestructuras (R. C. 1/2019)	4.755,30
19.459.21301 Conservación de maquinaria, instalacións e utillaxe Servizos Urbanos (R. C. 1/2019) ..	12.897,34
19.459.21401 Conservación material de transporte Servizos Urbanos (R. C. 1/2019)	3.710,83
19.491.62300 Rede Wifi (R. C. 1/2019)	15.952,06
19.912.22000 Material de oficina Organos de Goberno (R. C. 1/2019)	532,26
19.912.2269904 Gastos diversos Organos de Goberno (R. C. 1/2019)	974,45
19.920.21301 Conservación instalacións e utillaxe Administración Xeral (R. C. 1/2019)	1.286,51
19.920.21601 Equipamento para procesos de información Administración Xeral (R. C. 1/2019)	978,41
19.920.2200101 Prensa, revistas, libros e outras publicacións Administración Xeral (R. C. 1/2019)	627,80
19.920.2269902 Gastos diversos funcionamento Administración Xeral (R. C. 1/2019)	278,45
19.920.2270001 Traballos realizados por outras empresas: Servizo de limpeza de instalacións e dependencias municipais (R. C. 1/2019) ...	11.051,33
19.920.62501 Adquisición mobiliario Administración Xeral (R. C. 1/2019)	119,91
19.920.62601 Equipamento e modernización de equipos informáticos Administración Xeral (R. C. 1/2019)	2.069,10
19.1623.2270002 Gastos diversos tratamento de residuos (R. C. 1/2019)	763,29
19.3321.22000 Material de oficina biblioteca municipal (R. C. 1/2019)	35,40
TOTAL	313.448,21

O expediente administrativo de modificación de crédito 15/2019 finánciase integramente mediante unha baixa de crédito nas seguintes aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2019:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe (€)
19.1621.2270000	Prezo do concesionario do servizo de recollida de RSU	45.000,00
19.1621.2270001	Atrasos por revisión de prezos do servizo de recollida de RSU e limpeza viaria	243.448,21
19.163.2270000	Prezo do concesionario do servizo de limpeza viaria	25.000,00

Segundo.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 15/2019 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Terceiro.- Si durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 15/2019 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sin necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Dótanse partidas para recoñecer gastos pendentes de pago. É necesario pagarlle aos acredores. O recoñecemento extraxudicial é unha práctica que debe reducirse.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán en contra. Pode haber un dano para a concesionaria do servizo de lixo e na proposta non se explica que tales prexuízos non se producen.

Alcalde-Presidente: Xa se comprobou que non hai prexuízo para a concesionaria.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3 REASIGNACIÓN DE FONDOS 1/2019 DO APROVEITAMENTO TIPO DA ÁREA DE REPARTO DO SAU- 9 (PORTO DO MOLLE) E DE INGRESOS DE EXPROPIACIÓN DE BENS MUNICIPAIS.

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Visto o gasto realizado na execución da obra **“Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle”**, segundo o seguinte detalle:

- 121.940,12 euros correspondente á certificación num. 3, de data 27/11/2018 (fra. Elec. 2018 37, de data 27/11/2018).
- 17.569,44 euros correspondente á certificación num. 4, de data 20/12/2018 (fra. Elec. 2018 46, de data 27/12/2018).

Tendo en conta que a subvención para o financiamento do investimento **“Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle”**, concedida pola Xunta de Galicia por importe de 120.000,00 euros (notificación recibida o día 15.06.2018, rexistro de entrada número 6.732, dunha resolución do día 06.06.2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria), este Concello perdeu o dereito ao cobro da citada subvención por non realizar a xustificación da mesma no prazo establecido, debido ao retraso na execución da mencionada obra.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Tendo en conta que o importe da certificación num. 4, por importe de 17.569,44 euros, corresponde ao gasto/investimento realizado a maiores con relación á adxudicación da citada obra.

Tendo en conta que no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019 existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 1945360900 (“**Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle**”) por importe de 44.779,63 euros, o crédito necesario para contabilizar as citadas facturas/certificacións e proceder o seu pagamento é de 94.729,93 euros.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial do citado gasto (94.729,93 euros), coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos ao terceiro que ten pendente de contabilización e de pagamento as facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagamentos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.

Visto os créditos actualmente dispoñibles por un importe total de 94.729,93 euros nas seguintes aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019:

Aplicación orzamentaria	Destino	Crédito dispoñible (€)
1916060903	Obras de saneamento (aportación convenio Xunta) (2)	3.994,33
1916560905	Obra de soterramento de tendido eléctrico rua S. Roque (Camos) (1)	80.538,51
1916560906	Obra de soterramento de tendido eléctrico en Carrasca (Parada) (1)	2.759,28
1917021800	Reposición e substitución de arbolado no S.A.U. - 9 (Porto do Molle) (1)	1.437,50
1934262200	Obra en vestiarios de instalacións deportivas Condominguez (2)	0,73
1945360904	Obra de senda en vial rua Porto do Molle – Praza da Carrasca (1)	2.807,12
1945362100	Adquisición de terreos para acondic. acceso a instalac. Punto Limpo (2)	138,39
1945460905	Obra de mellora de rede de pluviais, muro e senda peonil en Laxe (Parada) (1)	3.054,07
	Total	94.729,93

Importes financiados segundo o seguinte detalle:

- (1) “Monetarización” de parte do 50 por 100 (do 10 por 100) do aproveitamento tipo da área de reparto indicada no anexo II dun Convenio referido ao desenvolvemento do solo urbanizable no parque empresarial Porto do Molle (SAU 9), do día 24.02.1999 (Convenio aprobado polo Concello Pleno o día 17.03.1999, e parcialmente modificado o día 15.05.2002, e o día 25.02.2009).

- (2) Ingresos correspondentes a expropiacións de bens municipais .

Considerando preciso contar con crédito adecuado, dispoñible e por importe de 94.729,93





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

euros para a contabilización e pagamento das certificacións 3 e 4 (fras. Elec. 2018 37, de data 27/11/2018, e Elec. 2018 46, de data 27/12/2018, respectivamente), correspondentes á execución do investimento denominado “**Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle**”, esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Cambiar o destino dos seguintes investimentos por importe total de 94.729,93 euros, que figura no estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019:

Aplicación orzamentaria	Destino	Importe (€)
1916060903	Obras de saneamento (aportación convenio Xunta)	3.994,33
1916560905	Obra de soterramento de tendido eléctrico rua S. Roque (Camos)	80.538,51
1916560906	Obra de soterramento de tendido eléctrico en Carrasca (Parada)	2.759,28
1917021800	Reposición e substitución de arbolado no S.A.U. - 9 (Porto do Molle)	1.437,50
1934262200	Obra en vestiarios de instalacións deportivas Condominguez	0,73
1945360904	Obra de senda en vial rua Porto do Molle – Praza da Carrasca	2.807,12
1945362100	Adquisición de terreos para acondic. acceso a instalac. Punto Limpo	138,39
1945460905	Obra de mellora de rede de pluviais, muro e senda peonil en Laxe (Parada) ...	3.054,07
	Total	94.729,93

Segundo.- Asignar novo destino e contía para o seguinte gasto financiado co crédito actualmente dispoñible nas citadas aplicacións do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019:

Aplicación orzamentaria	Destino	Importe (€)
1945360900	Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle	94.729,93

Terceiro.- Variar parcialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 3/2019 mediante incorporación de remanentes de crédito por importe de 2.867.964,69 euros, minorando 94.729,93 euros o crédito incorporado, segundo o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria	Destino	Importe (€)
1916060903	Obras de saneamento (aportación convenio Xunta)	3.994,33
1916560905	Obra de soterramento de tendido eléctrico rua S. Roque (Camos)	80.538,51
1916560906	Obra de soterramento de tendido eléctrico en Carrasca (Parada)	2.759,28





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1917021800	Reposición e substitución de arbolado no S.A.U. - 9 (Porto do Molle)	1.437,50
1934262200	Obra en vestiarios de instalacións deportivas Condominguez	0,73
1945360904	Obra de senda en vial rua Porto do Molle – Praza da Carrasca	2.807,12
1945362100	Adquisición de terreos para acondic. acceso a instalac. Punto Limpo	138,39
1945460905	Obra de mellora de rede de pluviais, muro e senda peonil en Laxe (Parada)	3.054,07
Total		94.729,93

Reassignar ese importe á aplicación 1945360900 **“Mellora de accesos ao parque empresarial de Porto do Molle”**.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Explica que se retirou a subvención por parte da Xunta e agora hai que dotar un crédito adicional para cubrir a diferenza, que se compensa cos sobrantes que se indican na proposta.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán en contra. Redúcese o soterramento na rúa San Roque e pregunta por que.

Alcalde-Presidente: Indica que son baixas producidas nas adxudicacións de obras.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NUM. 1/2019.

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Vistas 356 facturas (por importe de 312.791,36 euros; incluída unha factura referida a unha subvención de 900,00 euros) de gastos, dietas, gastos de locomoción e indemnizacións de persoal municipal e externo (por importe de 3.420,15 euros), e dun gasto proposto polo Alcalde (de 1.100,00 euros a unha persoa); facturas e gastos (por importe total de 317.311,51 euros) non contabilizados nin pagados e correspondentes a obrigas líquidas, vencidas e presuntamente esixibles para o Concello de Nigrán ao contar con sinaturas de conformidade de Alcaldía, diversos concelleiros, funcionarios e/ou persoal laboral do Concello de Nigrán, que corresponden a improcedentes ou irregulares contratacións de obras, servizos ou subministrados documentalmente acreditados, así como a diversos gastos de persoal municipal e externo .





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Sendo criterio desta Alcaldía que o Concello de Nigrán intente cumprir o establecido legalmente para a realización do gasto público e, en consecuencia, suprimir ou reducir a supostos concretos, excepcionais, puntuais e de escasa contía os gastos que se poidan realizar incumprindo a normativa citada, especialmente a referida á necesidade da existencia, documentalmente acreditada, de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente antes da realización de calquera gasto público municipal; ao cumprimento dos trámites da contratación administrativa; á existencia de expedientes administrativos completos e conformes a Dereito; á fiscalización preceptiva previa, e a referida ao “Bon goberno” según o disposto nos artigos 25 ao 32 ambos inclusive da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, BOE número 295, do 10.12.2013.

Tendo en conta a necesidade de continuar co saneamento económico do Concello de Nigrán e co recoñecemento extraxudicial de diversos gastos coa finalidade, entre outras, de non dar lugar, no seu caso, a posibles enriquecementos inxustos para o citado Concello así como, no seu caso, a posibles quebrantos económicos a varios terceiros que teñen pendente de contabilización e de pagamento diversas facturas correspondentes a obrigas non prescritas.

Coa finalidade de non afectar negativamente aos prazos medios de pagamentos de obrigas, así como á estabilidade orzamentaria.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 141/19, de data 16/07/2019, T 11/19, de data 28/01/2019, T 178/18, de data 17/10/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Declarar esixibles as obrigas indicadas nas 356 facturas (por importe de 312.791,36 euros; incluída unha factura referida a unha subvención de 900,00 euros) de gastos, nas liquidacións de gastos por dietas, gastos de locomoción e indemnizacións de persoal municipal e externo, por importe de 3.420,15 euros, e nun gasto proposto polo Alcalde (de 1.100,00 euros a unha persoa); gastos indicados nas relacións unidas a esta proposta, aprobar as mesmas, e recoñecer extraxudicialmente os gastos citados por importe total de 317.311,51 euros; imputando os gastos aos créditos no seu momento dispoñibles nas aplicacións orzamentarias que procedan do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019.

Terceiro.- O recoñecemento extraxudicial antes citado queda condicionado á entrada en vigor do expediente de modificación de crédito (a tramitar) do orzamento xeral do Concello de Nigrán prorrogado para o ano 2019 mediante créditos extraordinarios por importe de 313.448,21 euros, así como da reasignación de fondos do aproveitamento tipo da área de reparto do SAU-9 (Porto do Molle) e de ingresos por expropiacións de bens municipais por importe de 94.729,93 euros.-

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Hai prestacións realizadas ao Concello e hai que pagalas ás empresas que as executaron. Case 100.000 euros son da subvención retirada pola Xunta. As facturas están conformadas polos departamentos correspondentes.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán en contra. O informe do Interventor dálle motivos para rexeitar estas actuacións realizadas sen respaldos contractuais. Non se seguiu o procedemento administrativo e búscanse atallos, coas responsabilidades que poidan derivarse, incluída a prevaricación. Os servidores públicos teñen que servir aos cidadáns, pero dentro da legalidade. Aquí son cómplices de contratacións a dedo con quebranto de caudais públicos, co que isto supón. A perda da subvención da obra de Porto do Molle é un exemplo de mala xestión, do mesmo xeito que “Vive Nigrán”. E o mesmo pasa no caso do





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Stella Maris ou con certas facturas de CESPAs, entre outras. Recórdalles o código ético do PSOE. Os contratos verbais poden facer perder 60.000 euros ao Concello, só nos últimos meses. Pide que se lles informe se se están remitindo os actos e acordos ao Estado e á Xunta.

Alcalde-Presidente: Co voto que se emitirá farase posible que os acredores cobren. Pensan que non cometen ilegalidades. Son facturas pendentes de pago e é sensato pagalas. A remisión de actos e acordos mándanse polas oficinas correspondentes.

Abal Valverde: Non discute o fondo, senón a forma, aludindo a contratacións verbais.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.5 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NUM. 16/2019 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 9.321,91 EUROS.

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Visto o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Nigrán asinado o 24/06/2019 (Rexistro entrada num. 7721, de data 26/06/2019), para levar a cabo as actuacións recollidas no proxecto denominado "Iluminación Exterior Sostible I", que conta co financiamento do 80% do FEDER a través da convocatoria de axudas a entidades locais para proxectos singulares que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014 – 2020 .

Segundo a clausula terceira do citado convenio (**importe e financiamento**), no caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello de Nigrán, o cadro financeiro e o seguinte:

Investimento elixible admitido	Axuda outorgada (cofinanciamento FEDER)	Achega do Concello	Achega da Deputación
84.109,55 €	67.287,64 €	9.321,91 €	7.500,00 €

Con relación á clausula cuarta (**contratación**) do convenio, e segundo o asinado no Acordo entre beneficiarios, os concellos adheridos ao proxecto denominado "Iluminación Exterior Sostible I" delegan na Deputación Provincial de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencia técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións.

Segundo a clausula sexta (**compromisos das partes**) do convenio, o Concello de Nigrán





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

asumirá as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe correspondente para o cofinanciamento das actuacións que se realicen no termo municipal con anterioridade ao comezo de expediente de contratación das actuacións por parte do Servizo de Contratación da Deputación Provincial.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019, carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado á contabilización de transferencias de capital a entidades locais na aplicación orzamentaria correspondente (área de gasto 1 – capítulo 7) por un importe total de 9.321,91 euros, é precisa unha modificación orzamentaria en 2019 mediante créditos extraordinarios por importe de 9.321,91 euros .

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019, existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido nunha aplicación orzamentaria do capítulo 6, área de gasto 1, por importe de 9.321,91 euros .

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2019 .

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 16/2019 mediante créditos extraordinarios por importe de 9.321,91 euros no orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2019; o importe citado destinarase á seguinte finalidade:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
19.165.76000	Transferencia de capital Deputación Provincial: Convenio IDAE - "Iluminación Exterior Sostible I"	9.321,91

O expediente administrativo de modificación de crédito 16/2019 finánciase integramente mediante unha baixa de crédito na seguinte aplicación do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán do ano 2019:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Euros
19.165.62300	Investimento en mellora da eficiencia do alumado público	9.321,91

Segundo.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 16/2019 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Nigrán.

Terceiro.- Si durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

16/2019 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sin necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Indica as finalidades ás que se pretenden dedicar estes recursos que agora se dotan co obxectivo de acadar a correspondente subvención.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Absteranse e piden que se someta o asunto á fiscalización da Intervención, de forma axeitada.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 4; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.6 MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA O EXERCICIO 2019 .

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Visto o establecido na base de execución 5ª.3 das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018 (BE/18), actualmente prorrogado, na redacción dada á base citada polo Pleno do Concello o día 26.04.2018:

“3.- Todas as modificacións de crédito son única e exclusivamente competencia do Pleno, agás as xeracións de crédito que sexan necesarias para subvencións finalistas concedidas ó Concello”

Tendo en conta:

a) As consecuencias derivadas do indicado na base transcrita en varios expedientes de modificación de crédito, que conlevan o incremento do tempo de tramitación e dos requisitos da mesma: proposta, dictame de comisión informativa, acordo inicial do Pleno, exposición ao público, aprobación definitiva (previo, no caso de existir reclamacións, novo dictame de comisión informativa e novo acordo do Pleno) e publicación no BOP.

b) As contradicións existentes entre o establecido na Base de execución 5ª.3 na redacción dada á base citada polo Pleno do Concello o día 26.04.2018, e o disposto con respecto ao órgano competente para a aprobación de modificacións de crédito mediante ampliacións de crédito, incorporacións de remanentes de crédito, e transferencias de crédito entre aplicacións dunha mesma área de gasto ou cando afecten en orixe e en destino a créditos de persoal, que é a Alcaldía según o establecido nas bases de execución 7ª.3, 8ª.2 e 10ª.2 das BE/18 (sendo, tamén, a Alcaldía o órgano competente para a aprobación das xeracións de crédito según o establecido na base de execución 9ª.2 das BE/18).





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Coa finalidade de simplificar requisitos, reducir o tempo de tramitación dos expedientes de modificación de crédito, e suprimir contradicións, propóñolle ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Modificar a base de execución 5ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán do ano 2018, actualmente prorrogado, suprimindo o apartado 3 da base citada; base que terá a seguinte redacción:

Base 5ª.- Modificacións de crédito. Normas comúns.

1.- Cando haxa de realizarse un gasto para o que non exista consignación ou sexa insuficiente a existente na correspondente bolsa de vinculación xurídica, según o establecido na base 4ª, tramitaráse o expediente de modificación orzamentaria que proceda dos enumerados no artigo 34 do RDO, con suxeición ás prescricións legais e ás particularidades reguladas nestas bases.

2.- Os expedientes de modificación, que deberán ser previamente informados polo Interventor Xeral, someteráanse aos trámites de aprobación regulados nestas bases.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación das bases de execución do orzamento xeral de 2018 (actualmente prorrogado), polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello, para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.

Se no prazo de exposición ao público non se presentaran reclamacións contra a modificación das bases de execución orzamento xeral de 2018 (actualmente prorrogado), entenderáse definitivamente aprobada modificación sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederáse na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A modificación da base de execución 5ª, definitivamente aprobada (tácita ou expresamente) será publicada no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, entrando en vigor e sendo aplicada unha vez publicada na forma indicada.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Adoptouse no anterior mandato o acordo de pasar ao Pleno competencias que pode exercer o Alcalde. Agora vólvese á situación de reparto legal de competencias entre o Pleno e o Alcalde.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Se o Pleno fose informado poderían apoiar a proposta.

Alcalde-Presidente: As modificacións aparecen na páxina do Concello.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.7 MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA O EXERCICIO 2019.

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

1. O Concello de Nigrán, declarado como municipio turístico, obtivo no seu día unha clasificación do posto de traballo de Secretaría como de clase primeira, superior ao que lle correspondería estritamente en atención á poboación recoñecida no seu padrón de habitantes. Esta alteración se permite nos municipios onde existe poboación superior á residente durante importantes tempadas do ano, ou nos que concorren condicións de centro de comarca ou de localización de actividades ou de acción urbanística superior á normal ou outras obxectivas ou análogas.

A circunstancia descrita supuxo o recoñecemento formal da especial complexidade do municipio, que, en consecuencia, require dunha estrutura administrativa ou organización que sexa quen de dar resposta ás tamén especiais necesidades da veciñanza. Precisamente, unha das funcións esenciais que debe cubrir esta organización é o asesoramento xurídico aos diferentes órganos da corporación, de xeito que se garanta o cumprimento das disposicións legais vixentes na actuación do ente local.

Na práctica, o asesoramento xurídico do Concello de Nigrán recae en exclusiva sobre dous postos de traballo: o de "Secretario Xeral" (posto núm. 1 do vixente anexo de persoal funcionario, BOP núm. 133 do 11 de xullo de 2018), a quen lle está atribuído, entre outras funcións, o asesoramento legal preceptivo de acordo co establecido no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, do réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, e o de "Técnico Administración Xeral" (en adiante TAX, posto núm. 2 do vixente anexo de persoal funcionario) adscrito á área de Secretaría, posto ao que corresponden funcións de estudo, informe e proposta de carácter administrativo de nivel superior de acordo co establecido no art. 169 do Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Asumindo a Secretaría Xeral as funcións legalmente establecidas para este posto de traballo nun municipio das características de Nigrán, o que deixa escasa marxe para a asunción de tarefas adicionais, a carga de traballo de asesoramento xurídico e informe atribuída ao único posto de TAX resulta moi elevada, dificultando a resolución dos expedientes dentro dos prazos legalmente establecidos. Xa que logo, enténdese que resulta conveniente realizar un reparto racional das funcións que actualmente asume o único posto de TAX existente, coa finalidade de mellorar a calidade, cantidade e puntualidade do traballo.

Por outra banda, resulta inminente a xubilación do titular do posto de traballo de "Técnico Xestión" (posto núm. 3 do vixente anexo de persoal funcionario) que na actualidade asume as funcións relacionadas coa contratación administrativa e o patrimonio municipal. Dada a constante evolución e crecente complexidade destas materias, considérase conveniente que o posto de traballo que asuma a dirección destas importantes tarefas teña unha formación xurídico-administrativa do maior nivel posible.

Tendo en conta todo o anterior considérase necesario reforzar o persoal de alta cualificación en materia xurídico-administrativa deste Concello.

2. Por outra banda, existe no anexo de persoal laboral fixo un posto de traballo denominado "Peón Mercados" (posto núm. 28) que está vacante dende a xubilación da súa titular. Este posto non





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

se considera necesario dadas as circunstancias da actual organización municipal. Este posto tampouco se atopa incluído en ningunha oferta de emprego.

3. As administracións públicas, e entre elas as entidades locais, teñen recoñecida dentro das súas competencias de auto-organización a capacidade de planificar, estruturar e ordenar os seus recursos humanos (Título V do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público -EBEP-, arts. 2,19 e Capítulo II do Título IV da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia -LEPG-, arts. 4 e 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -LBRL-).

Por outra banda, o art. 22.2 da LBRL establece a competencia plenaria para a aprobación do anexo de persoal e do orzamento municipal.

4. Tendo en conta o exposto anteriormente, considérase necesario transformar o posto de traballo núm. 28 do vixente anexo de persoal laboral fixo "Peón Mercados" nun posto de traballo de persoal funcionario da escala de administración xeral, subescala técnica, categoría superior, grupo A1.

Proponse que o nivel do posto de traballo e as retribucións complementarias sexan as mesmas que as do existente posto núm. 2 do anexo de persoal, toda vez que o tipo de funcións e as responsabilidades que asumirá serán de semellante natureza ás do posto de traballo existente. Todo elo, obviamente, sen prexuízo do xa mencionado reparto racional de aquelas funcións entre o posto existente e o que resultará da transformación aludida.

O anterior, sen prexuízo tamén de que a relación de postos de traballo en preparación ou outras expresións do potestade auto-organizativa da Administración poidan asignar formalmente funcións desta natureza a outros postos de traballo existentes no Concello.

5. O Pleno do Concello de Nigrán aprobou na súa sesión ordinaria de data 4/07/2019 a seguinte disposición en relación ao persoal eventual legalmente establecido por nomeamento do Alcalde:

"Os postos de traballo a desempeñar por persoal eventual de confianza serán os seguintes, coas características e retribucións que tamén se indican:

1. Secretaría da Alcaldía. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 28.000 euros.
2. Responsable de comunicación con titulación universitaria en periodismo. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 20.000 euros.

Estas retribucións distribuiranse en 14 mensualidades iguais, 12 ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro"

6. Unha vez aprobadas ditas retribucións do persoal eventual, compre modificar o anexo de persoal vixente do orzamento xeral prorrogado para o ano 2019 .

Xa que logo, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 144/19, de data 18/07/2019, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

SEGUNDO.- Modificar o anexo de persoal vixente do orzamento xeral prorrogado para o ano 2019, reclasificando o actual posto de traballo do anexo de persoal laboral fixo denominado "Peon





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Mercados”, que pasará a ser o un novo posto de traballo do anexo de persoal funcionario denominado “Técnico Administración Xeral”, coas seguintes características:

CLASIF PROGRAMA APLIC ORZAMENTA RIA	DENOMINACI ÓN	NIVE L	C. ESPECÍFI CO	ESCAL A	SUBESCA LA	CATEGORÍ A	GRUP O	OBSERVA C.
920.- ADMINISTRAC . XERAL	Técnico Administración Xeral	26	27.269,48	Adm. Xeral	Técnica	Superior	A1	VACANTE

TERCEIRO.- Modificar o anexo de persoal vixente do orzamento xeral prorrogado para o ano 2019 con relación ao persoal eventual, segundo o acordo do Pleno do Concello (sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2019), coas seguintes características e retribucións:

CLASIFICACION PROGRAMA APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NUM.	DENOMINACIÓN	RETRIBUCIÓN SEN ANTIGÜIDADE	OBSERVACIÓNS
912.-ORGANOS DE GOBERNO	1	Secretaria Alcaldía	28.000,00	Xornada Completa / Posto Confianza
912.-ORGANOS DE GOBERNO	2	Responsable departamento de comunicación	20.000,00	Xornada Completa / Posto Confianza Titulación universitaria Periodismo

Do mesmo xeito, modificar o citado anexo con relación as retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial, segundo o acordo do Pleno do Concello (sesión ordinaria do día 4 de xullo de 2019) .

CUARTO.- Tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito para dar cobertura orzamentaria aos cambios no anexo de persoal do orzamento xeral prorrogado para o ano 2019, segundo os apartados segundo e terceiro desta proposta .

QUINTO.- Expoñer ao público o expediente da modificación do anexo de persoal do orzamento xeral prorrogado para o ano 2019, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello, para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se no prazo de exposición ao público non se presentaran reclamacións contra o citado expediente, entenderáse definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederáse na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En todo caso, será preciso que se proceda á publicación da modificación aprobada do anexo de persoal do orzamento xeral prorrogado para o ano 2019.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Diego García Moreira, concelleiro delegado: Había que modificalo, porque se cambiaron as dedicacións do persoal eventual. Ademais, trátase de dotar ao departamento de





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

contratación dun técnico superior, dada a complexidade da materia, para iso transfórmase unha praza de peón de mercados.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Visto o informe do Interventor pensan que falta amparo legal. Votarán en contra.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE.
- Votos en contra: 4; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.8 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (I.V.T.M.).

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

O Pleno da Corporación, na súa sesión de data 25/10/2018, aprobou a proposta da Comisión Informativa Especial de Contas de data 17/10/2018, sobre toma en consideración da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista Obrero Español (P.S.O.E.), que insta á modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (OFIVTM), co fin de engadir dous novos supostos de bonificación da cota do imposto.

Por outra banda, considérase preciso modificar algún aspecto formal no procedemento de concesión da exención do IVTM por minusvalía do titular do vehículo, según se explicará no apartado correspondente,

Formulada por esta Alcaldía unha proposta de acordo de data 22/11/2018, que foi sometida a informe da Secretaría e da Intervención do Concello, e vistos os correspondentes informes de datas 04/12/2018 e 06/06/2019 respectivamente, procede modificar algúns dos termos da referida proposta consonte o especificado en ditos informes.

Primeiro.- Motivación do acordo de modificación da OFIVTM

A) Ante a degradación do Medio Ambiente e a masiva emisión de gases contaminantes, tódalas administracións públicas teñen un papel moi importante á hora de promover unha mobilidade sostible cun enfoque que abrangue tamén ós vehículos.

Coa chegada de novos tipos de propulsión ós turismos, motocicletas e demais vehículos, o uso destes novos sistemas de propulsión benefician de xeito directo ó medio ambiente e a calidade do aire.

No Plan Nacional de calidade do aire e protección da atmósfera 2013-2016 (Plan Aire), afirmase que tanto as partículas como o dióxido de nitróxeno, teñen no tráfico rodado a principal fonte de emisión nas grandes cidades, e propón a clasificación dos vehículos en función dos niveis de contaminación que emiten.

Esta clasificación do parque de vehículos ten como obxectivo discriminar positivamente ós





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

vehículos máis respectuosos co medio ambiente, e ser un instrumento eficaz en políticas municipais, tanto restrictivas de tráfico en episodios de alta contaminación, como de promoción de novas tecnoloxías, a través de beneficios fiscais ou relativos á mobilidade e o medio ambiente. Esta clasificación dos vehículos está consignada no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

A este respecto, o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL), aprobada por R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece no seu artigo 95.6:

“Las ordenanzas fiscales podrán regular, sobre la cuota del impuesto, incrementada o no por la aplicación del coeficiente, las siguientes bonificaciones:

a) Una bonificación de hasta el 75 por ciento en función de la clase de carburante que consuma el vehículo, en razón a la incidencia de la combustión de dicho carburante en el medio ambiente.

b) Una bonificación de hasta el 75 por ciento en función de las características de los motores de los vehículos y su incidencia en el medio ambiente.(...)

(...) La regulación de los restantes aspectos sustantivos y formales de las bonificaciones a que se refieren los párrafos anteriores se establecerá en la ordenanza fiscal.”

Deste xeito, igual que ocorre con outras administracións, que están promovendo os combustibles alternativos para os vehículos, xa sexa con axudas á súa adquisición ou con beneficios fiscais para os seus usuarios, este Concello debe adaptar a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, e contribuír a fomentar o uso e a compra de vehículos movidos por combustibles alternativos e menos contaminantes, graduando o importe da bonificación precisamente en función do maior ou menor poder contaminante.

Por outra banda, a incidencia económica que representa a aplicación de ditas bonificacións no Concello de Nigrán, á vista dos vehículos destas características que constan no padrón do imposto, non é significativa se temos en conta os beneficios ambientais que se pretenden promover:

DISTINTIVO	TIPO CARBURANTE	NUM. VEHÍCULOS	TARIFA	IMPORTE BONIFIC.	TOTAL
BEV	Vehíc. con motor eléctrico	2	106,05	79,54	159,08
		2	48,88	36,66	73,32
		1	16,64	12,48	12,48
PHEV	Vehíc. eléctricos híbrido-enchufables (>40 Kms)	1	106,05	79,54	79,54
		1	48,88	36,66	36,66
HEV	Vehic. Híbridos non enchufable	51	106,05	53,03	2.704,53
		15	48,88	24,44	366,60
		4	183,38	91,69	366,76
GLP	Vehic.propuls por gas licuado do petróleo	3	48,88	24,44	73,32
		2	106,05	53,03	106,06
		3	183,38	91,69	275,07
	TOTAL BONIFICADO				4.253,42

B) O TRLFL no seu artigo 93.1 establece:

“1. Estarán exentos del impuesto: (...)





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

e) (...) los vehículos matriculados a nombre de minusválidos para su uso exclusivo. Esta exención se aplicará en tanto se mantengan dichas circunstancias, tanto a los vehículos conducidos por personas con discapacidad como a los destinados a su transporte.

Las exenciones previstas en los dos párrafos anteriores no resultarán aplicables a los sujetos pasivos beneficiarios de ellas por más de un vehículo simultáneamente.

A efectos de lo dispuesto en este párrafo, se considerarán personas con minusvalía quienes tengan esta condición legal en grado igual o superior al 33 por ciento.”

En aplicación de dito precepto legal, o artigo 4 da OFIVTM, referido ós supostos de Exencións e Bonificacións, na súa redacción actual, establece:

“1.- Estarán exentos do imposto:

(....)

1.5.- (...) os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, aplicándose a exención, en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Presúmese que o vehículo é conducido por persoa con discapacidade cando esta última conste como conductor habitual na póliza do seguro do vehículo.

As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis de un vehículo simultáneamente

A efectos do disposto neste epígrafe, terá a consideración de persoa con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 %.”

Asimismo, o artigo 5, referido ó procedemento de Concesión de Beneficios Fiscais, establece:

“Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 anterior, aplicaránse de oficio agás os sinalados nos apartados 1.5, 1.7 e 2.2 que terán carácter rogado. Nestes supostos actuaráse da seguinte forma:

a) Para os supostos dos apartados 1.5 e 2.2, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso. En particular:

Para o outorgamento da exención a vehículos conducidos por persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar o certificado de minusvalía emitido polo órgano competente, **xunto coa copia da póliza do seguro do vehículo onde constará aquel como conductor habitual.**

Para o caso de vehículos destinados a transporte de persoas con discapacidade, o suxeito pasivo deberá aportar certificado de minusvalía emitido polo órgano competente **no que se faga constar a necesidade de asistencia de terceira persoa, ou xustificar o destino do vehículo coa ficha técnica do mesmo, onde figurará a adaptación daquel para o transporte de persoas con discapacidade. (...)**”

Nembargantes, na práctica obsérvase que existen numerosos casos nos que non é necesario ningunha adaptación do vehículo para o uso exclusivo pola persoa con minusvalía, nin existe necesidade de asistencia de terceira persoa no sentido físico, psíquico ou sensorial, pero o discapacitado, titular do vehículo, precisa o mesmo para a súa vida diaria e para o seu uso exclusivo, e, ou ben o conduce él mesmo, ou necesita doutra persoa que o conduza. Por outra banda, o texto legal que establece esta exención tampouco esixe que o vehículo esté adaptado ás necesidades do seu titular, nin que éste sexa necesariamente o seu condutor. Neste caso, a xustificación do “uso exclusivo” ten que partir da declaración que faga o suxeito pasivo ou o seu representante legal, sen prexuízo da oportuna vixilancia por parte do Concello, de xeito que, descuberto o fraude, no seu caso, se aplique a correspondente sanción conforme á Lei Xeral Tributaria, en cuxo artigo 194 se





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

tipifica como infracción tributaria, solicitar indebidamente beneficios fiscais.

Debemos ter en conta que o emprego exclusivo do vehículo para a persoa con minusvalía, non é incompatible nin excluínte con que as demais prazas do vehículo sexan ocupadas por familiares e outras persoas co consentimento daquela.

Por iso é necesario simplificar os requisitos de procedemento para a concesión desta exención, sin que elo supoña menoscabo nos controis que o Concello debe exercer, co fin de verificar que dita exención responde, na práctica, ós fins para a que foi establecida.

Segundo.- Proposta de Acordo

En base ó anteriormente exposto, ESTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA formula a seguinte Proposta de acordo, que deberá someterse á **aprobación provisional** polo Pleno da Corporación previo dictáme da Comisión Especial de Contas:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA .

1º.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 114/19, de data 06/06/2019, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2º.- Modifícase o artigo 4, referido ás Exencións e Bonificacións, engadindo no mesmo dous novos apartados coa seguinte redacción:

3.- Gozarán dunha bonificación do 75 % da cota do imposto, os vehículos clasificados pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT) co distintivo ambiental de “Cero Emisións”.

4.- Gozarán dunha bonificación do 50 % da cota do imposto, os vehículos clasificados pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT) co distintivo ambiental de “ECO”.

3º.- Modifícase o artigo 5 apartado a), referido ó Procedemento de concesión de beneficios fiscais, o cal quedará coa seguinte redacción:

“Os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 anterior, aplicaránse de oficio agás os sinalados nos apartados 1.5, 1.7 e 2.2 que terán carácter rogado. Nestes supostos actuaráse da seguinte forma:

a) Para os supostos dos apartados 1.5 e 2.2, os suxeitos pasivos deberán solicitar do Concello a exención ou bonificación correspondente indicando as características do vehículo, matrícula e causa do beneficio, así como o cumprimento das restantes condicións a que se refire o artigo 4 en cada caso.

En particular, para o outorgamento da exención a vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo, requírese o certificado de minusvalía do titular do vehículo, emitido polo órgano competente, e unha declaración ante o Concello, asinada polo suxeito pasivo ou o seu representante legal, na que se manifieste o seu compromiso a destinar o vehículo ó uso exclusivo do beneficiario da exención.”

O apartado b) do mesmo artigo permanece coa mesma redacción anterior.

4º.- Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ó da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2020, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Terceiro.- Procedemento

De conformidade co establecido nos artigos 17 e 18 do TRLFL, o acordo provisional que, no seu caso, adopte o Pleno da Corporación, para a aprobación da modificación proposta, exporáse no taboleiro de anuncios do Concello durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Asimesmo, o anuncio de exposición publicarásen no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. O expediente sometido a información pública publicarásen, ademais, na sede electrónica ou páxina web do Concello

Terán a consideración de interesados ós efectos de formular reclamacións contra o acordo de aprobación provisional: a) Os que tiveran un interese directo ou resulten afectados por dito acordo, e b) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos ou veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios.

Finalizado o periodo de exposición pública, o Concello adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que, no seu caso, se presentaran, e aprobando a redacción definitiva da modificación a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderásen definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

En todo caso, o acordo definitivo a que se refire o apartado anterior, incluso o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanza ou da súa modificación, será publicado no Boletín Oficial da Provincia, sin que entre en vigor ata que se tivera levado a cabo dita publicación.

A aprobación definitiva será susceptible de recurso Contencioso – Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a interpoñer no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó de publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Diego García Moreira, concelleiro delegado: Para vehículos híbridos prevense bonificacións co fin de fomentar a mobilidade sostible.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán a favor, aínda que merecería certas precisións á vista dos informes.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.9.- ESTABLECEMENTO E FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A Comisión Especial de Contas do 22 de xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro.- Motivación da Proposta

A Ordenanza Xeral de Prezos Públicos vixente no Concello de Nigrán (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 28 de data 08/02/2013), establece no seu artigo 3:

“1.- O establecemento, modificación e fixación dos prezos públicos efectuaráse polo concello Pleno, ou pola Xunta de Goberno se o Concello Pleno delegara a competencia ao abeiro do establecido no artigo 47.1 do TRLRFL e no artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

2.- Os acordos de establecemento e fixación dos prezos públicos indicarán o servizo ou a actividade de aplicación, os supostos de feito dos que derive a obriga de pago e as contraprestacións pecuniarias esixibles por cada acto ou feito concreto, así como os aspectos singulares que foran precisos.(....)

Ó abeiro da citada norma, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 07/09/2017, aprobou o establecemento e fixación dos prezos públicos das escolas deportivas e actividades culturais municipais para os cursos 2017-2018 e 2018-2019.

Tendo en conta que próximamente comezará o curso 2019-2020 de ditas actividades, é necesario adopta-lo correspondente acordo no mesmo sentido, aínda que parece convinte non limitar a súa vixencia no tempo a un ou varios cursos concretos, senon dotálo de carácter indefinido, de xeito que estaría vixente en tanto no se aprobe a súa modificación ou derogación expresas.

En canto ó seu contido, mantéñense as mesmas tarifas e condicións vixentes nos dous cursos anteriores e, ademais, régulanse determinados aspectos de xestión, necesarios para unha maior seguridade xurídica á hora de aplicar as tarifas e resolver posibles reclamacións.

Segundo.- Proposta de Acordo

En base ó anteriormente exposto, ESTA ALCALDÍA-PRESIDENCIA formula a seguinte Proposta de Acordo, que deberá someterse á aprobación polo Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Especial de Contas:

ESTABLECEMENTO E FIXACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS DAS ESCOLAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS MUNICIPAIS

1º.- Resolver os reparos verbales formulados polo Interventor Xeral neste Concello na sesión da Comisión Especial de Contas (22/07/2019) segundo o legalmente establecido a tal efecto.

2º.- Establécense prezos públicos pola prestación de servizos municipais nas escolas e actividades deportivas e culturais.

3º.- Estarán obrigados ó pago destes prezos públicos os usuarios ou alumnos de ditas escolas e actividades.

4º.- A obriga de pagar o prezo público nace dende que o usuario / alumno se matricule ou inscriba na escola ou actividade correspondente e se inicie o exercicio da mesma, debéndose facer efectivo o importe total mediante depósito previo, a través das entidades financeiras designadas polo Concello.

5º.- Para que poidan ser admitidas a trámite as solicitudes de matrícula ou inscrición na escola ou





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

actividade correspondente, deberán ir acompañadas do documento que acredite o ingreso previo do importe total do prezo público en réxime de autoliquidación.

6º.- Se por causa non imputable ó obrigado ó pago do prezo, non se impartise o curso ou non se realizara a actividade, o Concello procederá á devolución do importe previamente aboado.

A renuncia do interesado unha vez iniciada a actividade non dará dereito á devolución da cantidade ingresada.

O desestimo do interesado, sempre que se formule expresamente antes da data de inicio da actividade, dará dereito á devolución do 75 % da contía ingresada.

7º.- As tarifas dos prezos públicos en cada curso ou actividade serán as seguintes:

ACTIVIDADES DEPORTIVAS	PREZO PÚBLICO
Ximnasia Mantemento	100,00 €
Ximnasia 3ª Idade	100,00 €
Aerobic	100,00 €
Ioga	100,00 €
Taichí	100,00 €
Taekwondo	100,00 €
Patinaxe	100,00 €
Tenis	100,00 €
Zumba	100,00 €
Pilates	100,00 €
Cursiños de Tenis (Adultos)	50,00€

ACTIVIDADES CULTURAIAS	PREZO PÚBLICO
Música	100,00 €
Cerámica	100,00 €
Pintura	100,00 €
Torno	100,00 €

Nos citados importes inclúese o seguro obrigatorio de accidentes.

8º.- Os cidadáns empadroados en Nigrán terán dereito a unha bonificación do 25 % sobre o prezo público.

Terán dereito a unha bonificación do 50 % sobre o prezo público, as persoas empadroadas en Nigrán que se atopen nunha situación de necesidade ou de dificultade económico-financeira, e que pertencen a unha unidade familiar cuxos ingresos brutos en cómputo anual, no ano anterior a aquel no que se inicie o curso ou actividade correspondente, non superen os que se indican na seguinte táboa:

N.º MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE BRUTO ANUAL
1 ou 2	IMPORTE S.M.I.* X 14





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3	(20 % S.M.I. + S.M.I.) X14
4	(40 % S.M.I. + S.M.I.) X14
5	(60 % S.M.I. + S.M.I.) X14
6	(80 % S.M.I. + S.M.I.) X14
7 ou máis	(100 % S.M.I. + S.M.I.) X14

* S.M.I. = Salario Mínimo Interprofesional

A unidade familiar é a formada polo pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos/as solteiros e menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar.

Para solicitar a bonificación do 50 %, os interesados deberán presentar unha instancia no Rexistro Xeral do Concello de Nigrán, xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I./N.I.F. do solicitante
- Fotocopia do libro de familia
- Fotocopia dos xustificantes de ingresos da unidade familiar referidos ao ano anterior. O total anual dos ingresos xustificarase mediante nóminas, declaracións de IRPF, certificados de pensións, certificados do INEM, así como calquera outra documentación relevante para xustificar os ingresos e número de membros da unidade familiar.

O presente acordo entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Terceiro.- Procedemento

O artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por R.D.Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, dispón: "El establecimiento o modificación de los precios públicos corresponderá al Pleno de la corporación, sin perjuicio de sus facultades de delegación en la Comisión de Gobierno (na actualidade Xunta de Goberno Local), conforme el artículo 23.2.b) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local."

Considerando que os prezos públicos non teñen natureza tributaria, para o seu establecemento, fixación ou modificación, só se require dictáme da Comisión Especial de Contas e acordo do Pleno da Corporación por maioría simple (agás que exista delegación expresa na Xunta de Goberno Local, en cuxo caso sería éste órgano o competente para aprobalo).

Por outra banda, polo seu carácter de disposición de carácter xeral en canto suxeitan ó seu cumprimento a unha pluralidade indeterminada de destinatarios, para a súa efectividade será necesaria a publicación de dito acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Asimesmo, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, o acordo de aprobación será susceptible de recurso Contencioso-Administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a interpoñer no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación no BOP.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: Hai que fixar estes prezos de cara ao próximo inicio das actividades.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán a favor. Pode desequilibrarse economicamente e sería conveniente introducir un coeficiente corrector de modo que se





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

axustarían automaticamente no futuro.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.10 ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.-

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de Xullo de 2019, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do Grupo de Goberno:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Cofecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Nigrán recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:

- Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.

- Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.

- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu Juan A. González Pérez alcalde desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Proponse ó Pleno do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Nigrán ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde de Nigrán a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.”

Deliberación. Síntese das intervencións:

Alcalde-Presidente: É unha iniciativa da Unión Europea á que pretendemos sumarnos e dar pasos nesa dirección.

Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Votarán a favor.

Votación e acordo. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PSOE e PP
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA. ESPECIAL REFERENCIA ÁS RESOLUCIÓNS NUMS. 2019000867, 2019001300 e Resolución de 02/05/2019 (expte. 2018004229SV). EXPEDIENTE: 28/2018 AEDL

II.1.1. Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de abril de 2019 (n.º 2019000799) e o 15 de xullo de 2019 (n.º 2019001349), ambos incluídos.

II.1.2. Resolución num. 2019000867

SUBVENCIONES PARA SERVICIOS SOCIAIS

Expte. núm.: 2019/09
Departamento: Servizos Sociais

Visto o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidencia RESOLVE:

- Solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do anexo V, é de 280.281,52 €, co seguinte detalle:
 - Persoal: 33.630,00 €
 - Mantemento: 0,00 €
 - Axuda no fogar:
 - Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00 €
 - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 246.651,52 €
 - Xestión de programas: 0,00 €
 - Investimento: 0,00 €
- Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.
- Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista corresponde ao exercicio 2019 na contía de 390.513,55 €, que supón unha porcentaxe do 58,22% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.
- Dar conta ao Pleno..- O ALCALDE

II.1.3. Resolución num. 2019001300





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

II.1.3. A)

RESOLUCIÓN

CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL

Expte. 2019/025S

Mediante Resolución de 1 de xullo de 2019 establecéronse as delegacións da Alcaldía en distintos Concelleiros/as, entre elas as seguintes:

- Servizo: URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, RÉXIME INTERIOR E PERSOAL.- Concelleiro-Delegado: Diego García Moreira.
- Servizo: VÍAS E OBRAS, SERVIZOS URBANOS E SEGURIDADE.- Concelleiro-Delegado: Rubén Rial Sánchez.
- Servizo: SERVIZOS SOCIAIS.- Concelleira-Delegada: Bibiana Peixoto Iglesias.
- Servizo: XUVENTUDE, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Concelleira-Delegada: Cristina Dosil Valverde.
- Servizo: IGUALDADE, VOLUNTARIADO E COMERCIO.- Concelleira-Delegada: Patricia Diego Travieso.
- Servizo: TERCEIRA IDADE.- Concelleira-Delegada: María Mayán Areal

Por acordo plenario de data 4 de xullo de 2019 decidíronse os cargos con dedicación exclusiva ou parcial que, ademais de á Alcaldía, afectan ás seguintes Delegacións:

Dedicacións exclusivas.

Titular da Concellería Delegada de *Urbanismo Medio, Ambiente e Mobilidade, Réxime Interior e Persoal*. Retribución íntegra anual: 36.000 euros.

Titular da Concellería Delegada de *Vías e Obras, Servizos Urbanos e Seguridade*. Retribución íntegra anual: 36.000 euros.

Dedicacións parciais.

Titular da Concellería Delegada de *Servizos Sociais*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.

Titular da Concellería Delegada de *Xuventude, Turismo e Participación Cidadá*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.

Titular da Concellería Delegada de *Igualdade, Voluntariado e Comercio*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.

Titular da Concellería Delegada de *Terceira Idade*. Retribución íntegra anual: 18.000 euros.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

En consecuencia, esta Alcaldía ao abeiro do art. 75.5 da Lei 7/1985 reguladora das bases do Réxime Local **RESOLVE:**

1. Determinar que os corporativos que se relacionan pasan a realizar as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, segundo se indica con efectos do día 5 de xullo de 2019.

Membro da Corporación

Réxime de dedicación

Diego García Moreira.	Exclusiva
Rubén Rial Sánchez.	Exclusiva
Bibiana Peixoto Iglesias.	Parcial
Cristina Dosil Valverde.	Parcial
Patricia Diego Travieso.	Parcial
María Mayán Areal.	Parcial

2. Notificar esta Resolución aos designados, a efectos da súa aceptación expresa no que se refire á dedicación que se lles atribúe.

II.1.3. B) Déixase constancia da a aceptación das dedicacións por parte dos designados.

II.1.4. Resolución de 02/05/2019 (expte. 2018004229SV).

- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL -

Expediente: 2018004229SV

Asunto: Responsabilidade patrimonial de autoridades ou empregados públicos.

Sanción imposta ao Concello de Nigrán pola Consellería de Sanidade.

Trámite: Resolución

Antecedentes

1. Con data 22/03/2018 o Director Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia ditou resolución que resolveu o expediente sancionador 2017309AM-PO incoado fronte ao Concello de Nigrán pola comisión dunha infracción prevista na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (LSG). A resolución impuxo ao Concello unha sanción de multa de 3.005,7 euros.

O tipo infractor aludido é o art. 42.e da LSG, que considera infracción grave:

“O incumprimento, por negligencia grave, dos requisitos, das condicións, das obrigas ou das prohibicións establecidas na vixente lexislación en materia sanitaria, así como calquera outro comportamento que supoña imprudencia grave, sempre que ocasionen alteración ou risco sanitario, aínda que sexan de escasa entidade. E o mesmo incumprimento e comportamento cando, cometidos por negligencia simple, produzan risco ou alteración sanitaria grave. Para os efectos desta alínea, constituirá un suposto de negligencia a omisión do deber de control ou a falta dos controis ou das precaucións exixibles na actividade, no servizo ou na instalación da que se trate.”





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

O artigo 44 da LSG establece a gradación das sancións, correspondendo a multa imposta ao importe mais baixo posible dentro do grao mínimo (de 3.005,06 a 6.010,12 euros)

A resolución foi recorrida enalzada polo Concello por considerar que non se axustaba a Dereito, sendo este recurso rexeitado mediante resolución do Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia de data 4/07/2018. Fronte á dita resolución non se interpuxo recurso contencioso-administrativo, quedando por tanto firme a resolución e procedéndose ao aboamento da multa.

2. No fundamento de Dereito quinto da resolución do Conselleiro de Sanidade de data 4/07/2018 recóllese, en resumo, o fundamento para a imposición da sanción:

“[...] o Concello non cumpriu coa súa obriga de informar aos usuarios-bañistas da contaminación existente por escherichia coli nas augas de baño de Praia América.

En efecto, non existe dúbida de que os días 9 e 10 de agosto existía unha contaminación nas augas da zona de baño da Praia América. Este feito non só está acreditado polas análíticas realizadas polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, neste suposto, encargado do control sanitario oficial das mostras que se recolleron dentro do Programa de vixilancia sanitaria da zona de baño de Galicia, senón tamén polas declaracións do Concello quen, segundo as súas alegacións e a noticia publicada no diario La Voz de Galicia, estivo traballando para tentar paliar a situación. Do mesmo xeito, está acreditado que o Concello non cumpriu coa súa obriga de informar, mediante carteis, aos usuarios-bañistas da contaminación por escherichia coli na zona de baño de Praia América. [...]”

3. Na sesión celebrada o 29/11/2018, o Pleno do Concello de Nigrán, aludindo á sanción á que se ven de referir, acordou o seguinte:

“1. Iniciar un expediente de responsabilidade patrimonial para reclamar a D. Juan Antonio González Pérez, Alcalde de Nigrán a cantidade de 3.005,07 euros, polos feitos descritos na exposición de motivos, presuntamente causantes da lesión producida ao patrimonio de Nigrán ao realizarse o pago da sanción descrita anteriormente.

2. Requirir ao Alcalde a tramitación do citado expediente, sometido ao principio de celeridade, conforme ao previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”

4. Á vista do referido acordo plenario, consta que con data 17/12/2018 ditouse resolución da Alcaldía acordando declarar a abstención a título persoal de D. Juan Antonio González Pérez, e nomear suplente para a tramitación do procedemento á Primeira Tenencia de Alcaldía.

5. Mediante oficio da Primeira Tenencia de Alcaldía do 20/12/2018 solicitouse colaboración á Deputación Provincial de Pontevedra para a tramitación do expediente, que foi rexeitada mediante un oficio do 10/01/2019 asinado polo xefe





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

6. O 31/01/2019 ditouse providencia da Primeira Tenencia de Alcaldía pola que se acordou dar trámite ao expediente para, no caso de que proceda, reclamar a D. Juan Antonio González Pérez a responsabilidade que poda derivarse da imposición pola Consellería de Sanidade ao Concello de Nigrán dunha multa de 3.005,07 euros, pola comisión dunha infracción administrativa grave tipificada no art. 42.e) da Lei de Saúde de Galicia. Nesa mesma providencia acordouse conceder un trámite de audiencia ao interesado.

7. O 25/02/2019 presentáronse alegacións por D. Juan Antonio González Pérez, sinalando que tan pronto se tivo constancia do aviso se iniciaron os traballos para localizar a causa do vertido, que foi solucionado nese mesmo día sen causar ningún tipo de problemática para os usuarios da praia nin ao propio Concello de Nigrán. Sinala igualmente que o expediente foi iniciado por un órgano que non é competente.

8. Mediante oficio da Primeira Tenencia de Alcaldía do 11/03/2019 solicitouse ao Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial de Pontevedra un informe sobre as alegacións formuladas e a procedencia ou non da esixencia de responsabilidade, facilitándolle a documentación oportuna.

Ao respecto recibíuse o 22/03/2019 un oficio do xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal rexeitando a emisión dese informe.

9. Mediante oficio da Primeira Tenencia de Alcaldía do 24/04/2019 solicitouse ao técnico de administración xeral municipal a emisión de informe no que se valoren as alegacións formuladas polo interesado.

No informe emitido o 26/04/2019, o técnico de administración xeral realiza unha serie de valoracións sobre os antecedentes e sinala que non pode concluír de xeito claro que a persoa titular da alcaldía teña actuado mediando dolo, culpa ou negligencia grave no exercicio das súas funcións. Tamén indica que, na súa opinión, a providencia da Primeira Tenencia de Alcaldía do 31/01/2019 constitúe o acordo de inicio deste expediente, e que polo tanto foi iniciado polo órgano competente.

Fundamentos xurídicos

1. A responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións.

A imputación directa á Administración dos danos causados polas autoridades e empregados públicos a través da institución da responsabilidade patrimonial non exime aos segundos de responder dos danos que pola súa eventual dolo, culpa ou negligencia graves podan causarse á Administración.

A responsabilidade patrimonial das autoridades e empregados públicos adoita a clasificarse en dúas categorías: por unha parte, na responsabilidade directa, cando o dano se produce directamente nos bens e dereitos do ente público concorrendo dolo, culpa ou negligencia graves (art. 36.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público - LRXSP -); por outra, na





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

responsabilidade indirecta ou “acción de regreso”, cando a Administración se vexa prexudicada por ter que indemnizar a un particular como consecuencia da actuación lesiva do persoal ao seu servizo, igualmente mediando dolo, culpa ou negligencia grave (art. 36.2 da LRXSP).

Pola súa banda, o art. 78 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local (LBRL), e o art. 229 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), establecen que os membros das corporacións locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo, que se esixirán ante os tribunais competentes e se tramitarán polo procedemento ordinario aplicable. Establécese igualmente que as corporacións locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causasen danos ou prexuízos á corporación ou a terceiros, se estes fosen indemnizados por aquela.

O art. 60 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), establece igualmente que as autoridades e funcionarios que, por dolo ou culpa ou negligencia, adopten resolucións ou realicen actos con infracción das disposicións legais, estarán obrigados a indemnizar á corporación local os danos e prexuízos que sexan consecuencia de aqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poda corresponder.

Por último, o art. 225 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do Regulamento de Organización, Funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), establece que “Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo, culpa o negligencia graves, hubieren causado daños y perjuicios a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquélla”.

No caso que nos ocupa, o Pleno do Concello considerou que a actuación de D. Juan Antonio González Pérez, persoa titular da Alcaldía na data dos feitos que a Consellería de Sanidade aduciu como fundamento para a imposición dunha sanción ao Concello, podería ter causado un prexuízo á facenda municipal que ascendería aos 3.005,07 euros nos que consistiu esa sanción de multa.

2. Tramitación do procedemento.

De conformidade co art. 36.4 da LRXSP, o procedemento para esixir a responsabilidade das autoridades ou empregados públicos debe substanciarse conforme o disposto na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, iniciándose por acordo do órgano competente que se notificará aos interesados, e que constará como mínimo dos seguintes trámites:

- a) Alegaciones durante un plazo de quince días.
- b) Práctica de las pruebas admitidas y cualesquiera otras que el órgano competente estime oportunas durante un plazo de quince días.
- c) Audiencia durante un plazo de diez días.
- d) Formulación de la propuesta de resolución en un plazo de cinco días a





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

contar desde a finalización do trámite de audiencia.

e) Resolución por el órgano competente en el plazo de cinco días.”

Consta que con data 17/12/2018 ditouse resolución da Alcaldía pola cal se declarou a abstención da persoa titular da Alcaldía para a tramitación do presente expediente, sinalándose que lle corresponde á Primeira Tenencia de Alcaldía a tramitación.

3. Valoración da existencia de responsabilidade.

Vista da documentación existente no expediente, non é posible acreditar de xeito indubitado que D. Juan Antonio González Pérez teña actuado de xeito doloso, culposo ou mediando negligencia grave. En aplicación do principio in dubio pro reo, procede o arquivo do expediente.

Visto canto antecede, esta Tenencia de Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Arquivar o expediente, dado que non existen elementos suficientes para xustificar a reclamación a D. Juan Antonio González Pérez da súa responsabilidade persoal en relación coa imposición pola Consellería de Sanidade ao Concello de Nigrán dunha multa de 3.005,07 euros.

SEGUNDO- Proceder á notificación ao interesado da presente resolución, que pon fin á vía administrativa, advertíndolle que contra a mesma poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ditado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a Dereito. Así mesmo, dar conta desta resolución na seguinte sesión plenaria.- A Primeira Tenente de Alcalde, por suplencia da Alcaldía acordada por ese mesmo órgano nunha resolución do 17/12/2018.

II.1.5. Expediente 28/2018 AEDL

Comunicación da Alcaldía:

A Cláusula “Décimo Quinta” das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, publicadas pola Deputación de Pontevedra no BOP do 30/12/16, establece que cando as adxudicacións dos contratos se fagan mediante un Acordo ou unha resolución de Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, e a Deputación poderá requerirles aos beneficiarios que acrediten que se lle deu conta ao Pleno dos acordos e resolucións de adxudicacións dos correspondentes contratos que lles afecten aos expedientes das subvencións concedidas con cargo a este Plan.

Cumprindo dito requisito, dáse conta de que que, a día de hoxe, a situación dun novo expediente de investimento dentro da liña de subvencións referenciada é a seguinte:

Nº	LIÑA 1 PLAN CONCELLOS 2017	ESTADO TRAMITACIÓN	IMPORTE ADXUDICACIÓN	EMPRESA ADXUDICATARIA
----	-------------------------------	-----------------------	-------------------------	--------------------------





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

1	Subministración de sistemas de reforzo lumínico de pasos de peóns	Pendente adxudicación	---	---
---	---	-----------------------	-----	-----

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- Carlos Abal Valverde, do grupo Popular: Reiterar lo expuesto en el punto I.4 e indicado por el Sr. Interventor en todos los informes, el excesivo número de facturas de contratos verbales (a dedo), por lo tanto improcedentes y susceptibles de anulación si algún ciudadano se entiende perjudicado por su uso y lo exprese formalmente, ya que al ser su aplicación discrecional (a dedo), carece de transparencia, publicidad, libre concurrencia y eficacia, entre otros, como es perceptivo en toda contratación pública de acuerdo con las leyes, lo que conllevaría a sus correspondientes responsabilidades de todo tipo por parte de las autoridades que lo hubieran aprobado. Hacernos eco también de las solicitudes del Interventor en cuanto a que todos los documentos contables y orzamentarios del Concello de Nigrán cumplan o establecido no artigo 42 do réxime xurídico do sector público, en canto a indicar nos documentos un código seguro de verificación así como o acceso á sede electrónica correspondente para a comprobación da integridade dos documentos, algo completamente imprescindible desde finales del 2015 (hace cuatro años) para cumplir la ley. Así como para realizar a contratación conforme a dereito dos servizos informáticos que procedan ou/e realizar as actuacións informáticas que sexan precisas para permitir enlazar os programas informáticos orzamentarios e contables de Tesourería e de Xestión Tributaria coa aplicación Cividás, tanto, entre outros, para as resolucións de Alcaldía e libro de resolucións, como para o Rexistro Xeral. Analizar y entender las demandas del Interventor en cuanto a los recursos necesarios para prestar adecuadamente los servicios de xestión tributaria e de rendas, como manifiesta en cada informe el Sr. Interventor.

2.- María José Pino Fernández, do grupo Popular:

2.1. Solicitamos el expediente, proyecto, licencia, realizados por personal municipal y contratado por el Concello para la comunidad de aguas de la Rotea, en Camos.

2.2. Queremos saber que día se pondrá una oficina para nosotros en el Concello.

Alcalde-Presidente: Estamos reordenando o espazo que temos.

2.3. El día 15 de agosto se va a celebrar un festival en el Pazo de Cea y aparece que el Concello patrocina. Queremos saber qué colaboración es.

Alcalde-Presidente: Non hai patrocinio do Concello de Nigrán para concertos nos pazos.

2.4. ¿La Concejala de voluntariado ya fue a presentarse a los voluntarios por si necesitan algo?

Alcalde-Presidente: Si.

3.- Álvaro Pereira Sanromán, do grupo Popular:

3.1. Nuestro grupo solicitamos sobre el tema de los contenedores de basura que la





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

limpieza sea con más frecuencia, dado que en esta época del año hay mucha afluencia de población y se llenan enseguida con abundantes restos de comida, incluso con bolsas abiertas, lo que genera bastante malestar entre los transeúntes por el olor y comunidades de gaviotas que están circulando a su alrededor. La franja costera necesita más limpieza de los contenedores. También nos comentaron que los contenedores de vidrio se llenaron a principios de mes y no se vaciaron. Los hosteleros tienen los vidrios almacenados en sus locales. Que se gestione más la limpieza de los contenedores y el vaciado de los contenedores de vidrio.

3.2. Hemos recibido quejas de usuarios de las pistas de tenis de Gaifar, y a la vista está que la gestión es bastante nula. Nos comentan que preguntando por la utilización de las pistas, que le dicen desde el Ayuntamiento que vayan y que si hay una pista libre ya estaría. Debería haber una persona allí o alguien gestionando desde el Concello el tema de las pistas. Las pistas están llenas de hierba.

3.3. Hemos presentado por registro una solicitud sobre el SOLPOR. Se pidió la solicitud de licencia, permisos, plan de autoprotección, evacuación, seguridad, y también las declaraciones responsables y pólizas de responsabilidad civil. Nos gustaría saber cuándo nos las van a presentar.

Alcalde-Presidente: Gracias polo dos contedores, avisaremos á empresa CESPA que faga máis. Tamén agradecemos o da da limpeza das pistas de tenis. En canto ao SOLPOR asinei que lle entregaran toda a documentación. Preguntarei no departamento correspondente se xa a teñen lista e, en canto estea, porase á súa disposición.

4.- Javier Alborés Míguez, do grupo Popular:

4.4. Solicitamos por rexistro o tema do aparcamento de autocaravanas, se hai proxecto da obra, se hai contrato da obra, o importe desa obra, porque miramos que de momento está máis morta que viva. Tiráronse catro camións de formigón, fíxose un vertedoiro para baleirar, conectouse ao alcantarillado público e queremos saber como está iso.

4.5. Tamén nos gustaría saber que pasa coas fontes todas do Concello de Nigrán. Hai un 90% que están abandonadas.

4.6. Os badéns sen pintar no Rial, tanto apuro por meter badéns e están todos sen pintar.

4.7. O asfaltado do Camiño do Labrego, moito apuro para meter aquel tramo de alcantarillado e hai baches de 10 cm. Fixéronse moitas obras a correr antes das eleccións e agora en Nigrán non hai unha máquina a traballar. O da Escola das Nenas é vergonzoso. Gustaríame saber estas contestacións.

Alcalde-Presidente: O das autocaravanas é unha obra que está facendo o propio Concello, polo tanto non hai contratación con ningunha empresa. As fontes do Concello, intentaremos que estean en mellor estado, limpálas máis do que ata agora. Senón bota auga é pola seca. Os badéns do Rial hai que volver a facelos porque están pouco elevados. O asfaltado do Labrego está dentro dunha obra que se chama saneamento de Labrego, Xestal e Palomar e a empresa está aínda





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

traballando no saneamento e cando remate toda a obra asfaltará. Trasladaremos á empresa que mentres non asfalta que o adecente un pouco.

5.- Álvaro Pereira Sanromán, do grupo Popular:

También nos preguntaron qué pasa con el tema de la fibra en Camos, porque parece que Telefónica le echa la culpa al Concello, que el Concello tiene que abrir más cancha. En la zona del estanco de la Tarela.

Diego García Moreira, concelleiro delegado: Xusto na Tarela é imposible, porque hai unha central de fibra, co cal a 400 metros da central están cubertas tódalas casas. Despois desde a Tarela cara a Camos pola rúa das Fontes hai outra zona de cobertura que colle ata o serradoiro, toda a zona da Cruz, e únese coa zona de San Roque. O que hai que ter é paciencia, porque Telefónica ten ata o final de 2019 para ter todas as liñas en funcionamento. Moitas desas caixas están postas pero están sen alimentación. A medida que vaian completando a instalación irán dando altas. Eu sei de zonas de cobertura que se mañá chamo a Telefónica e lle pido fibra me din que non hai cobertura ou incluso nalgúns casos se inventan que están pendentos de licenza do Concello. Non é verdade, a empresa que fixo o despregue no seu momento xa pediu todas as autorizacións necesarias e puido facer o despregue por iso. Na Tarela é imposible.

6.- Carlos Abal Valverde, do grupo Popular:

Respecto al parque de autocaravanas, usted indica que lo está haciendo personal del Concello. Eso no le exime de que no haya un expediente y que no haya un proyecto definido. En este caso entiendo que el Concello no fabrica cemento.

Alcalde-Presidente: Faino o Concello pero comprando os materiais.

7.- Álvaro Pereira Sanromán, do grupo Popular:

Hace un par de años se presentó un expediente solicitando en la calle Bouzavella en Panxón que se hiciera un sentido único. No sé si se hizo algo.

Alcalde-Presidente: Nos reunimos alí cos veciños para ver se todos están de acordo en que sexa dun sentido, pero naquela reunión os veciños non estaban nin de acordo con pintar onde aparcar ou non aparcar. As rúas de sentido único son maravillosas pero moi conflictivas. Había unha ducia que quería sentido único e outra ducia que non quería sentido único. Se mañá todos os veciños de Bouzavella din que están encantados de que haxa dirección única, farase.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

